





Nadal Compostela 2017



CONCELLO DE
SANTIAGO

santiagodecompostela.gal



**CONCELLO DE
SANTIAGO**





Nadal Compostela 2017

O tradicional mercado de Nadal, unha pista de xeo, contacontos, exposicións, obradoiros creativos e gastronómicos, andainas, concertos, espectáculos de danza, de teatro e de monicreques son tan só unha pequena mostra das máis de cincuenta iniciativas do programa Nadal en Compostela 2017 destinadas ao deleite da cidadanía durante as festas. Actividades de balde para todas as idades revivirán cun halo máxico os contos e as lendas da cultura de noso.

O Nadal inundará as rúas e prazas de Compostela coa iluminación festiva, que este ano incluso vestirá as esculturas do parque da Alameda. Non perdas propostas imprescindibles como o belén artesanal de San Fiz de Solovio ou a cabalgata de Reis, poboada de fabulosas personaxes que farán as delicias das nosas crianzas.

Benvidos e benvidas a un Nadal de lenda en Compostela!



ÍNDICE


PROGRAMACIÓN SOCIO CULTURAL	6 - 21
CONCILIACIÓN DE NADAL	22-23
PROGRAMACIÓN <i>PASEA SANTIAGO</i>	24-25
PROGRAMACIÓN LÚDICO DEPORTIVA	26-27


Esta programación está suxeita a posibles modificacións e complementarase con outras actividades específicas nalgúns dos centros socioculturais.



Nadal
Compostela
2017

Programación socio cultural





ILUMINACIÓN FESTIVA NAS RÚAS E PRAZAS

A partir do 30 de novembro



PISTA DE XEO

Do 1 de decembro ao 28 de xaneiro
Paseo central da Alameda

Horario xeral

De luns a venres, de 9.00 a 14.00 h
(só centros escolares) e de 16.30
a 22.00 h (público xeral)

Sábados e domingos, de 11.00
a 22.00 h

Sesións nocturnas: venres,
sábados e vésperas de festivo,
de 22.00 a 02.00 h

Período vacacional

De luns a domingos,
de 11.00 a 22.00 h

Sesións nocturnas: venres,
sábados e vésperas de festivo,
de 22.00 a 02.00 h

Pista de patinaxe sobre xeo.
É obrigatorio o emprego de luvas.
É posible concertar entradas para
grupos escolares e outros colectivos
no teléfono 699 811 705.

Con abono:

Prezo para escolares: 4,50 €

Prezo da entrada xeral (sesións
de 50 minutos): 8 €



O FORNO DOS SOÑOS

Do 1 ao 22 de decembro

Establecementos comerciais e
institucións repartidas por toda
a cidade

Proposta promovida por sete
persoas forneiras con sete soños que
queren contaxiarnos a súa ilusión e
o seu esforzo e encher a cidade de
fornos físicos onde a xente poderá
depositar os seus soños. Todos eles
entrarán nun sorteo presencial e
noutro a través das redes sociais.
O proxecto xorde a raíz dun curso
de emprendemento do Concello de
Santiago de Compostela celebrado
en CERSIA Empresa. Cóntanos o teu
soño e faite forneiro ou forneira!

Máis información: www.facebook.com/OFornoDosSonos



BELÉN ARTESANAL DE SAN FIZ DE SOLOVIO

Do sábado 2 de decembro
ao venres 5 de xaneiro
Igrexa de San Fiz de Solovio

Horario xeral (excepto festivos
e datas especiais):

Do 4 ao 21 de decembro

De luns a venres, de 18.00 a 21.00 h
Sábados e domingos, de 11.00 a 21.00 h

Do 22 de decembro ao 4 de xaneiro

De luns a venres, de 11.00 a 15.00 h

e de 17.00 a 21.00 h
Sábados e domingos, de 11.00 a 21.00 h

Festivos e datas especiais:

Mércores 6 e venres 8 de decembro, de 11.00 a 21.00 h
Domingos 24 e 31 de decembro, de 11.00 a 19.00 h
Luns 25 de decembro e 1 de xaneiro, de 18.00 a 21.00 h
Venres 5 de xaneiro, de 11.00 a 21.00 h

Máis de 200 figuras de barro e lenzo pintado, todas feitas á man, compoñen este nacemento con diferentes escenas, pezas en movemento e, inclusive, iluminación.

A igrexa de San Fiz, fundamental na historia fundacional de Santiago de Compostela, permanece habitualmente pechada ao público, polo que a exhibición do belén brindará unha ocasión inmemorable para visitala.

Belén cedido e montado por José Uzal, coa colaboración do Colexio Maior de Santo Agostiño e do Arcebispado de Santiago de Compostela.

Máis información:
www.santiagoturismo.com

Actividade de balde para todos os públicos



MERCADO DE NADAL

**Do 2 de decembro ao 6 de xaneiro
Rúa da Carreira do Conde**

Horario xeral

De 11.00 a 14.30 h e de 16.30 a 21.30 h

Días de apertura especial

24 e 31 de decembro, de 11.00 a 14.30 h
25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro, de 18.00 a 21.30 h

Mercado de produtos de Nadal onde poderás atopar pezas de decoración, repostería e obxectos do enxoval para estas festas, así como unha fantástica representación da nosa artesanía. Ademais, namentres descubres o mellor das nosas e dos nosos artesáns, poderás tomar un delicioso chocolate quente acompañado duns churriños. Visítalo!


Consulta a información sobre os 87 comercios e artesáns participantes e a programación completa en:

www.comercio.santiagodecompostela.gal

www.mercadonadal.com

www.facebook.com

Acceso libre



ESPAAO CREATIVO DO MERCADO DE NADAL

Do 2 de decembro ao 6 de xaneiro
Rúa da Carreira do Conde

Horario xeral

Venres pola tarde e fins de semana
De 11.30 a 14.30 h e de 18.00 a 20.30 h

Ademais, haberá sesións os días 2, 3 e 4 de xaneiro (só de tarde) e o 24 e o 31 de decembro (só de mañá).

Pechado os días 25 de decembro, 1 e 6 de xaneiro.

Actividades e obradoiros para todas as idades impartidos polas propias e propios artesáns participantes no Mercado de Nadal. Haberá tamén actuacións musicais e actividades para as crianzas na rúa.

Consulta a programación completa en:
www.comercio.santiagodecompostela.gal

www.mercadonadal.com

www.facebook.com/Mercado-Nadal-Concello-de-Santiago

Acesso libre



PASEART.E PRIMEIRA MOSTRA DE ARTE NOS ESCAPARATES DE SANTIAGO CENTRO

Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro

Durante as festas de Nadal a arte tomará a rúa como espazo expositivo. As creacións, nas diferentes disciplinas

(pintura, escultura, fotografía e instalacións), exhibiranse nos escaparates da área comercial do Ensanche. Na mostra participarán artistas locais, nacionais e internacionais, representadas e representados polas galerías Trinta, Metro, Luisa Pita e Federica no era tonta, o que garantirá a calidade e a pluralidade da mostra e promoverá, ademais, a participación dos e das artistas da cidade. *PASEARTE* contará tamén con obradoiros de arte impartidos por profesionais, visitas guiadas, *performances*, conferencias e encontros con artistas.

ILUMINACIÓN ESPECIAL DAS ESCULTURAS DA ALAMEDA

Do 2 de decembro ao 6 de xaneiro
Parque da Alameda

As Marías, Valle-Inclán, A Leiteira e Rosalía de Castro deséxanvos *bo Nadal!*

Máis información:
www.santiagoturismo.com



CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA: MIRANDO AO SUR

3 de decembro. 12.00 h
Teatro Principal

Con Juan Pinilla (cantador) e José Antonio Guerrero (director invitado)



FESTIVAL DA ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA

**12 de decembro
19.30 h**

Teatro Principal

Entrada de balde previa retirada de invitación

OBRADOIRO DE COCIÑA: COCINANDO COAS AVOAS

**13 e 14 de decembro. De 18.30 a 21.30 h
Praza de Abastos**

Realizaranse dous obradoiros de cociña tradicional nos que mulleres maiores, con ampla experiencia na preparación de pratos típicos, ensinarán a cociñar a un grupo de mozos e mozas as súas receitas favoritas.

Para mozos e mozas de 16 a 35 anos
Inscripción previa en: dptoxuventude@santiagodecompostela.gal
De balde

EXPOSICIÓN DE TENDAS: O COMERCIO, EMBLEMA DUNHA CIDADE

Do 14 de decembro ao 4 de febreiro

Sede Afundación Santiago de Compostela (Rúa do Vilar, 19)
De luns a domingo, de 12.00 a 14.00 h e de 17.00 a 21.00 h

Pechado os días 24, 25 e 31 de decembro e 1 e 6 de xaneiro

Exposición fotográfica dos comercios seleccionados en 2017 como *comercios emblemáticos da cidade de Santiago de Compostela* polos membros da Mesa de Comercio:

- Ferretería Casas Chico
- Mercería La Novedad
- Librería Cruceiro
- Confecciones Riande



- Ultramarinos Carro
- Asthor Decoración
- Gerardo Mayer
- Joyería Mayer
- Rod Mayer
- Papelería Compostela

Para todos os públicos. **Acesso libre**

CONTACONTOS NO NADAL

14 e 22 de decembro, 21.00 h

Centro Xove de Creación Cultural

O día 14 de decembro a Asociación Memoria Atlántica presentará un espectáculo sobre as lendas e o Nadal. Pola súa banda, o día 22, os e as participantes na actividade formativa de Narración Oral organizada pola Concellería de Mocidade ofrecerán unha sesión de narración oral cos contos e lendas nos que traballaron ao longo do curso.

Entrada libre ata completar a capacidade

TÍTERES ALAKRÁN: OS SONOS NA GAJOLA

14 de decembro. 19.00 h

Centro Sociocultural de Vite

Espectáculo de monicreques dirixido a un público infantil e familiar.

Entrada libre


TÍTERES CACHIRULO: A CABEZA DO DRAGÓN

15 de decembro. 18.00 h

Centro Sociocultural do Castiñeiríño

Adaptación para monicreques da obra de Ramón María del Valle-Inclán La cabeza del dragón dirixida a nenos e nenas a partir de 4 anos.

Entrada libre





MANOLIÑO NGUEMA, DOUS MUNDOS QUE SE TOCAN

15 de decembro, 20.30 h

Teatro Principal

Autoría e dirección: Gorsy Edú

Intérpretes: Marcelo Ndong,
Gorsy Edú e Russo

Produción: Gorsy Edú e Waka Films ONG

O Ngoan Ntang é un baile tradicional fang, executado cunha máscara con tres rostros de onde se deducen as tres enerxías coas que funcionan as persoas: o que somos, o que mostramos e o que os outros ven de nós. Baixo esta premisa, tres artistas guineanos, expoñentes de tres xeracións, descubrirán a apaixonante historia real de Manoliño Nguema a través das cancións, o baile e a percusión. Manoliño, considerado o pai do teatro da Guinea Ecuatorial, formouse no Circo dos Muchachos en Bemposta, Ourense.

Donativo a favor do documental
*Manoliño Nguema, dous mundos
que se tocan*: 10 €

Venda de entradas: despacho de
billetes do teatro / Reserva de
entradas: no correo
mariabecerra@wakafilms.org



MERCADO DA ESTRELA FESTIVAL DE NADAL DO TALENTO GALEGO

15, 16 e 17 de decembro

Museo do Pobo Galego e arredores

Horario xeral

Venres 15 de decembro

De 19.00 a 23.00 h: **Zona Foodtruck** na
Praza 8 de Marzo e postos de restauración
na **Cantina Gourmet** de Bonaval.
Ademais, haberá **concertos** e **sesións
DJ** ata a madrugada.

Sábado 16 de decembro

De 11.00 a 21.00 h: **Feira Creativa** no
Museo do Pobo Galego, na Zona C
e na Casa do Matadoiro.

De 11.00 a 23.00 h: **Zona Foodtruck** na
praza 8 de Marzo e postos de restauración
na **Cantina Gourmet** de Bonaval.

Ademais, haberá **concertos** e **sesións
DJ** ata a madrugada.

Domingo 17 decembro

De 11.00 a 21.00 h: **Feira Creativa**
no Museo do Pobo Galego, na
Zona C e na Casa do Matadoiro.

De 11.00 a 22.00 h: **Zona Foodtruck**
na Praza 8 de Marzo, postos de
restauración na **Cantina Gourmet** de
Bonaval e concertos e sesións DJ.

Festival urbano de Nadal dedicado ao
talento creativo de artistas, artesáns,
produtores e emprendedores de Galicia,
que inclúe:

A **Feira Creativa**, con marcas de
deseño de moda e complementos,



PABLO DÍAZ: CANTA MÚSICA

15 de decembro - 18.30 h

Centro Sociocultural de Pontepedriña

Espectáculo de bailes, xogos, canto
e música, dirixido a nenos e nenas de
entre 4 e 11 anos.

Entrada libre

robótica e xoguetes artesanais, bixutería e xoiería, ilustración e papelería, decoración, cerámica e obxectos para o fogar...

A **Zona Foodtruck**, con vehículos de comida que ofrecen unha apetecible oferta gastronómica dinamizada por sesións DJ.

A **Cantina Gourmet**, é dicir, unha zona de restauración onde ademais terán lugar os concertos das bandas galegas de electrónica, indie, pop e rock.

E **outras actividades**: obradoiros creativos, servizo de gardería-ludoteca de balde, charlas con entrada libre no Foro Emprendedores a Escena...

Promove: Correveydile co patrocinio do Concello de Santiago de Compostela, a través de Turismo de Santiago e da Concellería de Acción Cultural.

Actividade de balde para todos os públicos



ACONTECEU UN NADAL: CONTOS E MÚSICA PARA UN NADAL DIFERENTE

15 de decembro

20.00 h

Centro Sociocultural
de Santa Marta

21 de decembro

18.30 h

Centro Sociocultural
Casa Agraria - O Meixonfrío

22 de decembro

20.00 h

Centro Sociocultural
da Pontepedriña

28 de decembro

20.00 h

Centro Sociocultural
do Ensanche

29 de decembro

19.00 h


Novo Centro Sociocultural
do Romaño

Con Pepe Sendón, Suso Alonso (piano)
e Marcos Teira (guitarra).

Interpretación de relatos de Valle-Inclán,
Anxos Sumai, Paul Auster, Brendan Behan etc.,
acompañada dunha engaiolante música en
directo, como xa vén sendo tradición.

Público adulto. O silencio é imprescindible
para escoitar a narración e a música en
directo.

Acceso libre



NADAL NA ARTE COMPOSTELÁ

15 e 22 de decembro

17.00 h

Saída: Igrexa de Salomé

O tempo de Nadal é un momento

OBRADOIRO DE ELABORACIÓN DE XOGUETES

16 de decembro, 12.00 h

CIAC

Obradoiro de elaboración de xoguetes artesanais con material de refugallo realizado de xeito lúdico e creativo, co fin de apreciar o valor dos residuos e coñecer outro tipo de materiais. Actividade para público infantil (acompañado dunha persoa adulta).

Acceso libre, con inscrición previa en:
ciac@santiagodecompostela.gal

CIRCO FRAGMENTADA

16 de decembro

19.00 h

Sala Agustín Magán (Santa Marta)

PuntoCero

Fragmentada é un espectáculo de teatro físico e trapeio para público adulto, unha produción de PuntoCero, creada, dirixida e interpretada por Zenaida Alcalde Alcalde. Humanidades de La Cabrera

Entrada: 3 euros



ÓPERA INFANTIL: IL SEGRETO DI SUSANNA

16 de decembro, 20.00 h

Teatro Principal

Ópera cómica nun acto, con música de Ermanno Wolf-Ferrari e libreto de Enrico Golisciani

Un *tour de force* entre un matrimonio novo que reside no Piemonte, no noroeste de Italia. Un pequeno segredo vai medrando á par que a inseguridade e a desconfianza de Gil, o marido de Susana. A moza omitiu comentarlle ao seu recente esposo que tiña un hábito insalubre, polo que fuma ás agochadas. Gil, pola súa parte, decátase do cheiro e pensa que a súa doce dona lle é infiel. Inquedo, trata de pescala *in fraganti* e o público asiste a unha escena de vodevil na que o seu mordomo, Sante, cómplice de Susana, xogará un papel fundamental. Un segredo, un vicio e moitos celos, aínda que abordados de xeito inxenuo e simple.

Entrada xeral: 10 €

Entrada para socios de Amigos
da Ópera de Santiago: 5 €

COCIÑA INTERNACIONAL DE NADAL

16, 23 e 29 de decembro

A partir das 18.00 h

Centro Cívico do Romaño



Nos obradoiros de cociña internacional de Nadal prepararanse pratos típicos doutros países e lugares, nun intento de descubrir e degustar a gastronomía das festas doutras culturas.

Actividade de balde dirixida a público adulto, con reserva previa de praza de xeito presencial no Centro Cívico do Romaño.



CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA: TERRITORIOS

19 de decembro, 12.00 h
Teatro Principal


A Banda Municipal de Música continúa co *Ciclo de Outono* da tempada 2017/2018 cun novo concerto baixo a batuta do director portugués André Granjo. Na primeira parte do programa, integrada por pezas da súa terra, abordará as composicións *Romanesco*, de Luís Cardoso, e *Suite rústica*, de Fernando Lopes-Graça. Na segunda parte escoitaremos *Huntingtower*, de Ottorino Respighi, *Second Suite*, de Gustav Holst, e *Summer Dances*, de Adam Gorb. A sesión terá como nexo común os distintos territorios nos que se inspiran os compositores.



CONCERTO DA BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA CICLO NOVOS INTÉRPRETES

17 de decembro, 12.00 h
Teatro Principal

Con Mariña Palacios (óboe)
e Casiano Mouriño (director)



BOSQUE DE LIBREDÓN

**Do 18 de decembro ao
6 de xaneiro**
Praza do Obradoiro

Recreación do bosque de Libredón no lugar de Solovio, onde a lenda conta que vivía o eremita Paio, quen deu aviso ao bispo Teodomiro dunhas luces no cumio dun montículo próximo e levou ao descubrimento da tumba do Apóstolo.

Actividade para todos os públicos.

Aceso libre



A NOITE DE CHANÉ

20 de decembro
20.30 h

Teatro Principal

A noite de Chané é un acto de presentación no centenario da morte do músico santiagués cos autores do libro, CD e espectáculo sobre este autor que se publican a finais deste ano.

O apelativo “Chané” está ligado para sempre á historia da música galega. Nin nome nin apelido, este alcume pertence a unha liñaxe de músicos, personificada en maior altura por José Castro González (Compostela, 1856 - A Habana, 1917) unha das figuras máis destacadas e importantes da historia da música en Galicia. Chané forma parte dunha xeración de músicos pioneiros que atoparon na tradición popular de Galicia novas fontes de inspiración que revolucionaron a música do seu tempo.

Actos programados:

- * Presentación do libro *Chané. O nacemento da Música Popular Galega* de Alberto Cancelo e Sixto Gómez
- * Presentación video de Marcos Nine: *Chané na Habana*
- * Presentación do disco *Chané na Habana*
- * Actuación do dúo Alejandro Vargas e Rosa Cedrón
- * Mesa de presentacións: autores, editores, músicos e políticos

Acceso libre



OBRADOIRO DE SCRAPBOOKING: TARROS DECORATIVOS DE NADAL

20 e 21 de decembro


De 16.30 a 20.30 h

**Obradoiro *Doces e Salgadas*
(rúa Nova de Abaixo, 3)**

Obradoiro no que se realizará un diorama decorativo, cos materiais propios da técnica do *scrapbooking*, dentro dun tarro de cristal e coa temática do inverno e do Nadal.

Para mozos e mozas de 14 a 35 anos, con inscrición previa en: dptoxuventude@santiagodecomopostela.gal

Actividade de balde



CONCERTO DOS GRUPOS DOS LOCAIS DE ENSAIO PARA A MOCIDADE


21 de decembro

20.30 h

Carpa da praza Roxa

Actuación de dous grupos dos Locais de Ensaio para a Mocidade.

Entrada libre



COMPAÑÍA CONTRAPRODUCCIÓN: NACIDAS LIBRES

21 e 22 de decembro

20.30 h

Teatro Principal

Espectáculo de Contraproducións sobre un texto de Cándido Pazó, dirixido por Cristina Domínguez e protagonizado polas actrices Rocío González, Casilda Alfaro, Mónica Camaño e Susana Dans.

Catro actrices atravesan esa idade en que corren o risco de desaparecer do mundo do espectáculo e, fartas de non recibir ofertas de traballo, deciden autoempregarse. Velaquí unha reflexión fresca, dinámica, emotiva e con pinceladas de humor que, baixo unha perspectiva de xénero, fala sobre a desigualdade, a ilusión da liberdade, a emigración ou os condicionantes da muller nas distintas culturas. Un espectáculo para pensar, gozar, emocionarse e divertirse.

Entrada: 10 €



OBRADOIRO DE ILUSTRACIÓN DE TARXETAS DE NADAL

22 de decembro

De 16.00 a 18.00 h

Centro Xove de Creación Cultural

Obradoiro de deseño e ilustración de tarxetas de Nadal da man do ilustrador Xosé Tomás.

Para mozas e mozos de 14 a 35 anos, con inscrición previa en: dptoxuventude@santiagodecompostela.gal

Actividade de balde

CORO COMPOSTELA EN ESCENA E CORO ENCAIXE

22 e 28 de decembro

12.30 h

A mañá do venres 22 de decembro o Coro Compostela en Escena actuará nas prazas de Abastos, de Cervantes e do Toural.

Pola súa banda, a mañá do xoves 28 de decembro, o Coro Encaixe actuará nas prazas de Abastos, do Toural e Roxa.



CARRUSEL DO NADAL

Do 22 de decembro ao 4 de xaneiro

De 17.00 a 21.00 h

Praza do Obradoiro

Carrusel de cabaliños de 10 metros de diámetro dirixido aos pequechos e pequechas da casa.

*Pechado os días 25 de decembro e 1 de xaneiro

Acceso libre



CIRCOTEATRO&DANZA


23 decembro
18.30 e 20.15 h

A vida tola de Pajarito
Pistacatro Productora de Soños
Sala Agustín Magán (Santa Marta)

Este espectáculo de clown e escapismo para todos os públicos, achéganos o peculiar universo desta muller-nena que anda solta polas rúas. E fai de cada ocasión e espazo un novo motivo e lugar para o xogo.

Entrada: 3 €

Bono familiar (4 entradas): 10 €



MERCADO DE ABASTOS

23 de decembro
De 9.00h a 14.00 h
Visita do Apalpador

30 de decembro
De 9.00 h a 14.00 h
estarán burbulhas de fin de ano
Entrada de balde



CÁNDIDO PAZÓ: COMO CHO CONTO

23 de decembro
18.30 h

Centro Sociocultural do Castiñeiríño

Sesión de historias e contos para público familiar sobre cousas que parecen mentira.

Entrada libre



OBRADOIRO DE CANTOS DE NADAL E DANZAS DE REIS: AS RAÍCES DA PEDRA

26 de decembro
17.00 h: obradoiro a cargo de
Ultreia

18.30 h: actuación de Brincadeira
Praza das Praterías

Os *Cantos de Reis* forman parte dos cantos de Nadal, unha tradición moi estendida na totalidade do territorio galego, consistente en interpretar en grupo unha serie de cantigas alusivas ao Nadal polas casas dos lugares. Normalmente, exhiben pasos clásicos aderezados con elementos como arcos, castañetas, entrenzado etc., que posúen características comúns como a indumentaria branca, os adornos florais exóticos e a abundancia de ouro.



REVALORIZANDO PELUCHES: OBRADOIRO DE MOBILIARIO RECICLADO CON BONECOS DE TRAPO

26 de decembro
De 18.00 a 20.00 h

Centro Xove de Creación Cultural

Co paso do tempo os peluches adoitan ser un elemento desbotado. Con esta actividade preténdese reducir a cantidade de lixo xerado nestas datas, para o que se lle

dará unha segunda vida útil a eses bonecos vellos e deteriorados que temos na casa. O obradoiro será impartido pola Asociación para o Fomento do Deseño Sostible Kunterbunt Kluges Desing.

Para mozas e mozos de 16 a 35 anos, con inscrición previa en: dptoxuventude@santiagodecompostela.gal.

As persoas participantes deberán achegar algún peluche ou boneco de trapo á actividade.

De balde

BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA E ESCOLANÍA DA CATEDRAL DE SANTIAGO: CONCERTO DE NADAL

28 de decembro

21.00 h

Catedral de Santiago de Compostela

Serán interpretadas obras de Otto Nicolai, John Rutter, Andries van Tonder, Antonio Rodríguez, Jim Papoulis e Bret Apperment e, tamén, temas tradicionais.

Con José Luis Vázquez López (director da Escolanía) e Casiano Mouriño Maquieira (director da Banda Municipal)



GALA PALLASOS EN REBELDÍA


28 de decembro

18.30 h

Teatro Principal

Isabel Risco presentará esta gala solidaria con Festiclown Palestina organizada por Pallas@s en Rebeldía. Un espectáculo cheo de humor, maxia, música e circo, coa presenza de Píscore Teatro, Circo Chosco, Raquel Veganzones, Dani García, Paco Nogueiras e Uxía.

Para todos os públicos.





MERCADO DE SALGUEIRIÑOS: EFECTO PROXIMIDADE

28 de decembro

11.00 h

Este evento, enmarcado na actividade municipal *Efecto Proximidade*, quere festexar o Mercado de Salgueiriños mediante a conxugación de elementos lúdicos, artísticos, formativos e gastronómicos.

Programa

De 11.00 a 12.00 h

Pasacalle con Habelas Hainas

De 11.00 a 12.30 h

Espazo infantil de xogos tradicionais con Cooperativa Miudiño

De 12.00 a 13.30 h

Degustación de caldos e cremas quentes

De 12.30 a 13.30 h

Concerto *Cantos de Cego da Galiza e Portugal* con Ariel Ninas e César Prata

Actividade de balde para todos os públicos



FESTA APEGO

30 de decembro

De 12.00 a 20.00 h

Auditorio de Galicia

Un día de actividades variadas (música, contos, danza, obradoiros, charlas e espazos de entretemento) para familias que desexen socializar os seus cativos e cativas en galego.

Actividade recomendada para pequenos e pequenas de 0 a 6 anos.

Programa

12.00 h: *Tres pilistrinas, tres pilistrolas*, con Andrea Bayer

12.00 h: *Fíos do querer*, con Cé home orquestra

12.00 h: *Alfombra máxica*, con Mirari Urruzola

13.00 h: *Un bico para Alí*, con Fabaloba

13.00 h: Concerto Pablo Díaz

13.00 h: *Alfombra máxica*,
con Mirari Urruzola

De 12.00 a 14.00 h e de
16.30 a 19.00 h: *Espazo Terra*
(psicomotricidade)

De 12.00 a 14.00 h e de 16.30
a 19.00 h: Espazo de xogo libre

De 12.00 a 14.00 h e de 16.30
a 19.00 h: Espazo libros

De 14.00 a 16.00 h: Xantar con
apego (menú especial na cafetería
do Auditorio)

De 12.30 a 14.00 h e de 17.00
a 19.00 h: Espazo proxectos
(Mámoa, Teta e Coliño, Alecría,
Preescolar na Casa, Semente,
Escolas Infantís Municipais,
Apego, Brazilinda Xogos)

16.00 h: *Danzas e contos*, con
Marcelo Dobode

17.00 h: *Contos co apalpador*,
con Anxo Moure

17.00 h: *Fíos do querer*, con
Cé home orquestra

18.00 h: *Contos co apalpador*,
con Anxo Moure

18.00 h: Concerto Pablo Díaz

19.00 h: Concerto *Fantasia
coas palabras*

Organiza: Departamento de
Lingua Galega

**Entrada de balde ata completar
a capacidade da cada espazo**




FESTA DE FIN DE ANO

31 de decembro

A partir das 23.15 h

Praza do Obradoiro

Concerto internacional con
uvas da sorte e cotillón para
as primeiras 1.000 persoas que
acudan á praza.



ACTUACIÓN DE DANI GARCÍA: DON GELATI

3 de xaneiro

13.00 e 17.00 h

Carreira do Conde

Un brillante día de sol chega á
praza da vila un vendedor de
xeados co seu carriño e con
moitas ganas de sacarlles un
sorriso aos veciños e veciñas. Mais
o pobre Don Gelati sufrirá todo
tipo de imprevistos e infortunios
co seu carro, que terá que arranxar
con enxeño e con non pouca
maxia antes de que os seus
xeados se derretan.

Espectáculo para público familiar.

Acceso libre




CORREO DO NADAL

Aos magos do Nadal gústanlles visitar unha terra coma a nosa, tan chea de cores. Gústanlles as cores porque axudan a expresar emocións. Por iso, este ano queren que as nenas e nenos que lles escriban para pediragasallos lles boten unha man para poñerlle cor ás linguas do mundo.

A encomenda consiste en explicar de que cor queremos a nosa lingua, o galego, e os motivos da escolla. Por suposto, vale ilustralos con debuxos e con toda a imaxinación que queiramos.

Prometen contestar cun galano a quen lles mande a carta en galego, con enderezo completo e teléfono, a través das sacas do Correo do Nadal. Ademais, as tres cartas máis fermosas terán unha sorpresa!

Haberá puntos de recollida das cartas nos colexios ata o 20 de decembro. Tamén se poderán depositar nos centros socioculturais e na Casa do Concello ata o día 3 de xaneiro.



CABALGATA DE REIS

5 de xaneiro

Desde as 17.30 h

Rúas de Santiago de Compostela

O ano 2018 foi proclamado Ano Europeo do Patrimonio Cultural, por iso, a cabalgata de Reis que

inaugurará o 2018 compostelán estará inspirada nos contos e lendas e nas personaxes que as habitan, elementos fundamentais do noso patrimonio inmaterial. A Maruxaina, a cervia Aldara, os nubeiros, as avelaíñas, os biosbardos, as fadas, as mouras e os faunos son só algúns dos seres que acompañarán os Reis Magos ata a Praza do Obradoiro para encher de ilusión esta noite máxica.

Encontrarémonos con mares cheos de peixes e fragas encantadas, paisaxes que axudarán a recrear unha estética marabillosa chea de luz e cor, que se irá intercalando coas maxestosas carrozas reais.

Tampouco faltarán nin a música nin a danza, outros dous elementos fundamentais dentro do patrimonio inmaterial. Non podemos esquecer os vistosos bailes nin as coñecidas panxoliñas tradicionais galegas tan propias destas datas, que farán cantar e bailar a todas as familias que se acerquen para recibir os Reis á súa chegada a Santiago de Compostela.

Espectáculo aéreo á chegada dos Reis Magos á Praza do Obradoiro

Recepción de todos os nenos e nenas no Pazo de Raxoi



ACTUACIÓN MUSICAL: FONDOS DO PÍFARO

4 de xaneiro


17.00 e 19.00 h

Carreira do Conde

Grupo de percusión tradicional ao modo das treboadas do Baixo Miño e das formacións de bombos do centro de Portugal. Doce instrumentos de percusión acompañan as ancestrais melodías co pífaro de cana ou coa recentemente recuperada gaita de barquín, segundo se trate de melodías dunha ou doutra beira do río Miño.

Actividade para todas as idades.

Acceso libre



BANDA MUNICIPAL DE MÚSICA E ESCOLANÍA DA CATEDRAL: CONCERTO DE REIS

7 de xaneiro

12.00 h

Teatro Principal



AGASALLO VIAXEIRO

Consultar as datas e horarios nos centros cívicos da rede.

Actividade de grande éxito ao longo dos últimos anos consistente na elaboración de agasallos que

recibirán destinatarios e destinatarias descoñecidos. Estes agasallos fanse en talleres programados na rede de centros, e quen envía un recibe outro dunha persoa descoñecida. Deste xeito, foméntase a amizade, o altruísmo e a diversión.

Actividade dirixida ao público infantil e xuvenil, a partir de 5 anos, con inscrición previa en cada centro cívico.

De balde



ACTIVIDADES DE NOVAS TECNOLOXÍAS

Consultar as datas e horarios no programa específico de cada centro cívico.

Este Nadal sácalle rendemento ás novas tecnoloxías! Aprende a utilizar as ferramentas informáticas e tecnolóxicas para aplicalas durante as festas. Descubre, entre moitas outras posibilidades, como buscar receitas típicas, como facer tarxetas postais ou onde atopar contos e lendas de Nadal.

As actividades realizaranse nos centros con espazos de novas tecnoloxías.

Entrada libre ata completar a capacidade, con reserva previa no centro cívico de referencia



LENDAS DE NADAL: VISITA DO APALPADOR Á REDE DE CENTROS

17 de decembro, 18.00 h:

LSC ARÍNS

18 de decembro, 20.00 h:

LSC GRIXOA

19 de decembro, 18.30 h:

LSC MARANTES

19 de decembro, 18.30 h:

LSC BANDO

20 de decembro, 18.30 h:

LSC VILLESTRO

21 de decembro, 17.30 h:

LSC SAR

21 de decembro, 19.00 h:

CSC TRISCA

21 de decembro, 19.30 h:

LSC PEREGRINA

22 de decembro, 18.00 h:

LSC PONTEPEDRIÑA

22 de decembro, 18.30 h:

LSC BUSTO

22 de decembro, 19.00 h:

LSC A GRACIA

23 de decembro, 11.00 h:

LSC CANCELAS

23 de decembro, 12.30 h:

LSC NEMENZO

23 de decembro, 17.00 h:

LSC LARAÑO

23 de decembro, 18.00 h:

LSC SAN LOURENZO

23 de decembro, 19.00 h:

LSC FIGUEIRAS

23 de decembro, 19.30 h:

CSC CASTIÑEIRIÑO

26 de decembro, 18.30 h:

LSC CASA AGRARIA

26 de decembro, 19.00 h:

LSC CARDENAL QUIROGA

27 de decembro, 18.00 h:

LSC BRAÑAS DE ANDRÉS

27 de decembro, 19.30 h:

LSC AMIO

27 de decembro, 20.00 h:

CSC CONXO

28 de decembro, 18.30 h:

CSC FONTIÑAS

28 de decembro, 19.00 h:

LSC ROMAÑO

29 de decembro, 18.00 h:

CSC VITE

29 de decembro, 18.30 h:

CSC DO ENSANCHE

29 de decembro, 19.30 h:

LSC CASCO HISTÓRICO

29 de decembro, 19.30 h:

LSC MARROZOS

30 de decembro, 17.30 h:

CSC STA MARTA

30 de decembro, 18.00 h:

LSC VERDÍA


O Apalpador chegará a todos os centros da rede para relatar a súa historia e narrar contos e lendas de Nadal. Ademais, haberá pequenos agasallos e caramelos para todos e todas. A visita terá unha duración duns 30 minutos.

Actividade dirixida a todos os públicos.

Acceso libre

Nadal
Compostela
2017

Conciliación de Nadal



PROGRAMA MUNICIPAL DE CONCILIACIÓN DE NADAL

CEIP das Fontiñas e CEIP Raíña
Fabiola

Un espazo educativo de promoción
do ocio e o tempo de lecer e un
recurso para a conciliación familiar
e laboral no tempo de vacacións.


Dirixido a nenas e nenos que cursen
estudios en centros de Educación
infantil e primaria de Santiago de
Compostela, con idades entre os
3 e os 12 anos.

Inscripción por orde de solicitude.

Máis información en: [www.
santiagodecompostela.gal](http://www.santiagodecompostela.gal)

Nadal Compostela 2017

Programación pasea Santiago



ANDAINAS DE NADAL POLOS MUSEOS DA CIDADE

16 de decembro

12.00 h

Visita ao Museo do Pobo Galego
no seu 40 aniversario

23 de decembro

12.00 h

Visita á igrexa e ao museo
de San Martiño Pinario

30 de decembro

12.00 h

Visita ao Museo Eugenio Granell

Programa de andainas polos
museos da cidade, que se iniciarán
durante o período de Nadal,
con motivo do 40 aniversario
do Museo de Pobo Galego. As
persoas interesadas poderán seguir
as explicacións dunha experta
profesional que analizará o vasto
patrimonio de tres dos museos de
Santiago de Compostela.

Actividade para todos os públicos,
con inscrición previa nos centros da
rede, onde se informará do lugar de
encontro de cada andaina.

**De balde, aínda que poderá
cobrarse nalgún dos museos
a entrada de grupo (2 €)**


NADAL NA ARTE COMPOSTELÁ

15 e 22 de decembro

17.00 h

Saída: Igrexa de Salomé

O tempo de Nadal é un momento senlleiro
da fe cristián e, por esta razón, ten unha
marcada presenza no patrimonio artístico
da cidade. Polo paralelismo que se pode
establecer entre a viaxe dos Reis Magos
e a dos peregrinos, a escena da visita
dos Magos está moi presente en Santiago
desde a Idade Media. Tanto, que mesmo
hai un tipo de Epifanías que se consideran
características de Compostela.





A RUADA DO APALPADOR EN SANTIAGO

**22 de decembro
18.00 h**

Saída da Gentalha do Pichel (Rúa Santa Clara, 21) pola rúas de San Roque, Algalia de Arriba, Praza de Cervantes, Preguntoiro, Caldeiraría, Orfas e Cantón do Toural.

O final da ruada será na Praza do Toural, onde se xuntarán todos os participantes para darlle a benvinda ao Apalpador con música e cancións tradicionais.


UTA POLO PARQUE DE BELVÍS

**23 de decembro
12.00 h
CIAC**

Percorrido por un espazo céntrico e con moita historia co fin de coñecer o parque de Belvís desde unha perspectiva diferente, a da ecoloxía urbana, con paradas que mostrarán a súa biodiversidade, a traxectoria da cidade, a historia do recinto e os diferentes usos que se poden atopar nel.

Actividade para público adulto, con inscrición previa en: ciac@santiagodecompostela.gal

Acceso libre



PASEOS DO NADAL EN COMPOSTELA

**Paseos familiares
22 e 29 de decembro
17.30 h**

**Paseos nocturnos
27 de decembro e 3 de xaneiro
20.00 h**

Saídas: San Fiz de Solovio

Paseos que relacionan o ciclo do Nadal con Compostela e Galicia. Visitaremos espazos relacionados cos ritos típicos, os cantos e a gastronomía desta festividade, tanto no pasado como na súa transformación ao longo do tempo e no presente.

Inscrición previa en: roteiros@maos.gal

De balde

PASEO SCÓRPIO, DE CARVALHO CALÉRO, EN COMPOSTELA

**28 de decembro e 4 de xaneiro
20.00 h**

Saída: Casa natal do escritor, na Carreira do Conde, 4
Paseo que rende homenaxe á novela *Scórprio*, de Ricardo Carvalho Calero, no 30 aniversario da súa publicación. As persoas asistentes percorreren espazos da cidade relacionados tanto co autor como coa obra e o seu tempo.

Actividade dirixida a público adulto, con inscrición previa en: paseos.compostela@maos.gal


De balde



Nadal
Compostela
2017

Programación lúdico deportiva





XOGOS TRADICIONAIS


**Do 26 ao 29 de decembro
de 11.00 a 14.00 h
Praza Roxa**

Iniciación e práctica nos xogos máis tradicionais tales como os bolos celtas, a ra, a estornela, a chave, a comba, o tiro de corda, o trompo etc. Poderán participar tanto nenos e nenas como adultos, gozando dunha proposta de xogo e lecer diferente.

Organiza: Asociación de Xogos Tradicionais de Compostela e Departamento de Deportes do Concello de Santiago.

A partir de 2 anos.

Acesso libre e de balde



OBRADOIRO DE MECÁNICA BÁSICA E MANTEMENTO DE BICICLETAS

**Martes 26 e xoves 28 de decembro
de 17.00 a 19.00 h
Praza Roxa**

Iniciación aos labores e operacións elementais de arranxo e posta a punto dunha bicicleta, tales como, cambio de pneumáticos, tronchado de cadeas e engraxe, parcheados, axustes de altura de asento e guiador, etc. Todo o material necesario correrá por conta da organización, non sendo necesario levar bicicleta.



CARREIRA DE SAN SILVESTRE

**Domingo 31 de decembro
18.00 h**

**Percorrido urbano con saída e
chegada á Praza do Obradoiro.**

Carreira popular que transcorrerá por algunha das rúas máis emblemáticas da cidade e da zona vella na que poderán participar tanto os atletas máis expertos como aquelas persoas que teñan interese en gozar dunha xornada deportiva e de lecer. Unha carreira singular no que o obxectivo é despedir o ano cunha actividade deportiva en compañía de familia e amigos.

Organiza: Federación Galega de Atletismo e Departamento de Deportes do Concello de Santiago.

Idade recomendada: nados no 2008 e anteriores.

Acesso: previa inscrición. Máis info
www.sansilvestresantiago.com

Nadal Compostela 2017

MÁIS INFORMACIÓN
santiagodecompostela.gal

CONCELLO DE SANTIAGO

 Pazo-de-Raxoi  @PazodeRaxoi

ACCIÓN CULTURAL

 CompostelaCapitalCultural  @CCultura

LINGUA

 linguagalegasantiago.compostela



CONCELLO DE
SANTIAGO